

# PROXECTO COACHING MENORES

*ALAR GALICIA*



# Qué é Alar?

Alar Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro que traballa no ámbito dos servizos sociais en Galicia.

A súa misión é deseñar e executar proxectos co obxectivo de modificar carencias socioeconómicas e laborais das persoas e colectivos en risco de exclusión social.

O noso equipo conta con psicólogos, educadores sociais e traballadores sociais entre outros. Estes traballan en rede con diferentes centros educativos, con outras asociación e coas familias para lograr mellores resultados.



# Proxecto Coaching Menores


*dende o ano 2001*

*Qué é Coaching Menores?*

Un proxecto baseado na protección e prevención do risco social a través do acompañamento individualizado e especializado de menores que se atopan en situación de desvantaxe, desamparo ou conflitos social.

*Coach?*

Os Coach son profesionais que traballan en medidas de prevención e acompañamento profesional, e que serven de apoio e estímulo á superación de situacións de dificultade persoal individual e colectiva producidas por sucesos de diversa índole.



## *A quén vai dirixido?*

Menores de entre 12 e 17 anos de idade que presente problemas socio-afectivos, familiares ou de relación en xeral, ou que atopen serias dificultades para acceder á información sobre diversas problemáticas que afectan os mozos/as galegos/as.

## *Qué servizos ofrecen?*

O traballo coaching consiste no acompañamento individualizado dos/as menores co obxecto de cubrir as súas expectativas e necesidades, transformando posibles situacións existentes de conflito en momentos superados de maneira positiva.




## Principais problemáticas

- Problemáticas familiares.
- Fracaso escolar.
- Problemas de conducta.
- Desmotivación.
- Déficits nas habilidades sociais.
- Carencias de hábitos de vida saudables.

## Metodoloxía de intervención

- escoita activa.
- Ensino de estratexias para unha correcta organización e técnicas de estudo.
- Técnicas para o fortalecemento da autoestima.
- Técnicas para o control emocional.
- Entrenamento en resolución de conflitos e habilidades sociais.
- Educación en valores.
- Ensino de estratexias para levar unha vida saudable.





## Obxectivos

- Favorecer a motivación dos menores en novas metas para a súa vida futura.
- Favorecer o desenvolvemento da asertividade nas relacións cos iguais , coa familia e o profesorado.
- Proporcionar apoio educativo para evitar o fracaso escolar.
- Favorecer a adquisición de técnicas de estudio que lles faciliten aos menores un desenvolvemento óptimo das súas capacidades.
- Traballar as habilidades sociais para favorecer a resolución de conflitos dunha maneira positiva.
- Mellorar a atención e concentración daqueles menores que amosen dificultades nesta área.
- Promover a mellora da autoestima como medio para lograr a confianza nas propias capacidades.

## *Procedemento de adhesión ao proxecto*



1. Poñerse en contacto coa asociación Alar Galicia.
2. Cita presencial cos pais/ nais/ titores legáis do/da menor para coñecer o caso.
3. Complementación dos documentos de incorporación ao proxecto e programación das sesións.
4. Primeira toma de contacto co/a menor.

# Actividades grupais

Durante o desenvolvemento do proxecto, realízanse talleres e actividades grupais co obxectivo de poñer en práctica as ferramentas aprendidas e fomentar a sociabilización.



## Talleres

Durante os talleres grupais faise unha presentación da temática a tratar.

E se realizan múltiples dinámicas e actividades relacionadas co obxectivo de afianzar os conceptos aprendidos.





# Actividades de ocio

Ao longo do ano, maioritariamente nos meses de verán, se levan a cabo actividades lúdicas co obxectivo de fomentar as relacións sociais entre os usuarios/as e crear un clima de confianza e diversión.



Onde podo atopar este servizo?



R/ Canella da deputación s/n



982-24-33-16

608-803-171



[alargaliciasocial@gmail.com](mailto:alargaliciasocial@gmail.com)

[coachingmenores@gmail.com](mailto:coachingmenores@gmail.com)



ALAR GALICIA

